

Resolución decanal relativa á concesión de axudas para a organización de actividades culturais, actividades complementarias á docencia, xornadas científicas ou congresos na Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias da Universidade de Santiago de Compostela no ano 2024

Con data 6 de xuño de 2024 foi publicada na web da Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias da Universidade de Santiago de Compostela a Convocatoria de axudas para a organización de actividades culturais, actividades complementarias á docencia, xornadas científicas ou congresos para o ano 2024.

A Comisión de Actividades Complementarias á Docencia, reunida o día 10 de xullo, analizou as dúas propostas recibidas dende a publicación da convocatoria e acordou concederlles a ambas as dúas os importes solicitados.

De acordo con todo o indicado e tendo en conta que a comisión non requiriu información nin documentación a maiores da recibida,

RESOLVO

Conceder as seguintes axudas ao abeiro da convocatoria para a organización de actividades culturais, actividades complementarias á docencia, xornadas científicas ou congresos:

- a. **300 euros** para os gastos derivados da organización do congreso **XIX Xornadas de Economía Crítica** *"Postcapitalismo, colapso...? Alternativas ante a fin dun modelo de acumulación"*.
- b. **400 euros** para a representación teatral *"Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos"*, do grupo de teatro VACAburra.

Contra a presente resolución, poderá interpoñer recurso de alzada ante este órgano ou directamente ante o reitor no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Xoán Ramón Doldán García
Decano

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: XOAN RAMÓN DOLDÁN GARCÍA, NIF ***3205**, 24/07/2024 13:53:14.

CSV: 22A0-EEFC-4C78-B8F2